



## Concello de Moaña

Ref. Urbanismo/Srs.

**ASUNTO:** SOLICITUDE INFORMACIÓN SOBRE UNHA VIVENDA SITUADA NO FIUNCHAL, O CON, TIRÁN, MOAÑA, PROPIEDAD DE EVA CÁRDENAS BOTAS

**INTERESADO:** MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ

**EXPEDIENTE:** 2306/2021

O 4 de abril de 2022, co nº rexistro RE-2360, a Comisión de Transparencia de Galicia volve a remitirnos a súa reclamación fundamentada en que a comunicación que se lle enviou non responde ao solicitado por Vde.

Revisada novamente a súa petición, detectamos unha contradición no asunto e síntese da petición (*"Asunto y síntesis de la petición; Solicitud de la totalidad del expediente sobre el cambio de titular, licencias de obras, reformas. Actas del pleno municipal, informe arquitecto municipal, informe Secretario/a municipal, y todo lo que se pueda documentar sobre la vivienda a nombre de Eva Cárdenas Botas en la Playa de O Con en O Fiunchal"*) e na parte expositiva que alude a información procedente doutra Administración (neste caso a Xunta de Galicia).

Na súa consecuencia, para poder atender correctamente a súa petición é necesario que precise o obxecto desta con claridade.

Por outra parte, indicábaselle na anterior comunicación que a Sra. Cárdenas Botas era titular de tres expedientes relativos á vivenda que Vde. mencionou (unha comunicación previa para reforma interior dunha vivenda (expediente nº 283/18); unha licenza de obra para construción de piscina e muro de contención (exp. 97/19) e unha comunicación previa para cerramento de parcela (exp. 185/19)). De estar interesado en acceder ao seu contido, é preciso aboar as taxas municipais de busca de documentos (18 € por cada expediente) . O pagamento débese realizar na ORAL (para o que lle proporcionamos o seu teléfono -886 14 46 30- e o seu correo electrónico [moana.oral@depo.es](mailto:moana.oral@depo.es)-, por se lle facilita a tarefa).

Finalmente, poñemos no seu coñecemento que se lle deu trámite de audiencia á Sra. Cárdenas Botas por se está interesada en presentar alegacións, de acordo coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e no goberno, En tanto non transcorra o prazo outorgado á interesada (quinze días desde a recepción do documento), queda o prazo para resolver en suspenso.

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax:





## Concello de Moaña

---

Polo todo o exposto con anterioridade, e en aplicación do artigo 68 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, requerímolo para subsane a súa solicitude no sentido indicado no prazo de **dez días** (desde a recepción do presente documento). No caso de non facelo, teráselle por **desistido da súa petición**.

Moaña, data segundo a da sinatura electrónica  
A alcaldesa

Leticia Santos Paz  
Documento asinado dixitalmente na marxe

MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ

PLATAFORMA EN DEFENSA DEL SECTOR MARÍTIMO PESQUERO DE GALICIA

---

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax:



Cod. Validación: 64CCWMF4ZCKYTGFDXZXXWZ | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2